



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU
ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 879 Semana do 8 ao 14 de novembro de 2021

A XORNADA LABORAL DE 32 HORAS SEMANAIS, IMPRESCINDIBLE PARA AUMENTAR OS DEREITOS DAS PERSOAS

Redacción.- UGT celebrou unha xornada na que reclama a necesidade de impulsar as 32 horas semanais en todas as empresas, co fin de contribuír a implementar o Piar Social Europeo, incrementar o crecemento da economía, favorecer a igualdade e mellorar as condicións e os dereitos laborais e sociais das persoas

Unha xornada na que o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, sinalou que, “desde a primeira revolución industrial, as empresas multiplicaron case por 100 a súa capacidade de producir, mentres que a xornada laboral foise mantendo”.

Por iso, sinalou que, “nestes momentos, en plena era dixital, é imprescindible abordar o problema da xornada de traballo, desde a perspectiva da repartición do tempo de traballo, co fin de reducir a xornada laboral para que todos e todas podamos traballar”.

Neste sentido, a proposta de UGT sobre a xornada laboral de 32 horas semanais “vai nesta dirección. Tamén para ter máis tempo para formarnos. Hoxe necesitamos máis tempo para a formación, e tamén como un instrumento de repartición da riqueza e de poder manter o sistema produtivo. Se continuamos mantendo as xornadas actuais de traballo e continuamos aumentando a produtividade das empresas, o sistema chegará a colapsarse”.

Ademais, Pepe Álvarez considerou que esta medida debe realizarse na contorna europea, que “os mozos deben ser os grandes protagonistas do cambio laboral que vén coa dixitalización”, e que favorecerá tamén a igualdade. “Máis tempo libre contribuír a mellorar a corresponsabilidade entre homes e mulleres”.

Unha medida que debe impulsar Europa e que non debe reverter nunha diminución dos salarios

A xornada foi inaugurada polo vice-

secretario xeral de Política sindical de UGT, Mariano Hoya, que considerou “fundamental abordar a mellora do traballo e de aspectos nucleares que redundan na calidade do

mesmo, como o é a xornada. É necesaria unha xornada laboral de 32 horas que contribuír, facilitará e fará máis eficaz a implementación do Piar Social Europeo”.

Neste sentido, afirmou que “a redistribución do emprego existente e o desenvolvemento dun novo modelo produtivo e laboral máis xusto, eficiente e sostible, preséntase como unha solución en plena revolución pola dixitalización da economía. En UGT estamos convencidos de que a redución de xornada debe xogar un papel relevante na creación de emprego a medio e longo prazo. Europa ten que buscar formas para vencer os retos que se expoñen para o futuro do traballo. É alí onde se debe buscar unha mellor forma de organizar socialmente o traballo, co factor de redistribución que conleva a xornada de 32 horas semanais”.

Para Mariano Hoya, a necesaria redución de xornada debe facerse sen reducir os salarios. “Os soldos deben manterse, aínda que se reduza a xornada, porque as persoas traballadoras van producir o mesmo en menos tempo”. Ademais, “reverterá en máis emprego para as mulleres e nunha diminución da brecha salarial e, con iso, da brecha nas pensións”.

O diálogo social e a negociación colectiva deben implementar estas medidas nas empresas

Tras a apertura, tivo lugar unha conferencia política de debate que foi moderada pola secretaria de Políticas euro-



peas de UGT, Mari Carmen Barrera, que lembrou que “teñen que ser o diálogo social e a negociación colectiva as que adapten a xornada de 32 horas aos diferentes sectores e as diversas realidades das empresas. Queremos progreso, mellora e benestar para todos os traballadores e traballadoras e iso témolo que conseguir entre todos”.

Para Barrera, a proposta de UGT “cumpre e dá seguimento efectivo á Carta Social Europea e aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para a Axenda 2030. Non avanzamos na mesma medida en redución de xornada en relación ao aumento da produtividade das empresas. No século XXI, a nivel xeral, non se rebaixou o límite fixado das 40 horas semanais, e isto hai que resolvelo, máis aínda, tras a chegada da transformación dixital”.

Unha dixitalización á que se teñen que adaptar as nosas empresas. “A porcentaxe de empresas con moi alto nivel de dixitalización só é do 2,37%. Estamos por baixo de países como Alemaña ou Portugal mesmo. O Goberno ten que establecer unha serie de incentivos ás empresas para paliar as diferenzas de produtividade que existe entre as mesmas”.

Ademais, esta medida “non pode conlevar unha baixada de salarios nin un aumento das horas extras nas empresas, debido a que agora mesmo xa hai un 47% de horas extras que non son retribuídas no noso país. Se non houberse horas extras, España produciría 180.000 postos de traballo adicionais”.

OS TRABALLADORES DE VESTAS ACUSAN Á DIRECCIÓN DE MALA FE, TRAS A NEGATIVA A PRORROGAR A NEGOCIACIÓN DO ERE

Redacción.- Despois dunha tarde maratoniana e de case 8 horas de negociación, o pasado luns a dirección de Vestas deulle un portazo ós traballadores dando por pechado o período de consultas do ERE, sen acordo, e negándose a prorrogar este ata finais de decembro co fin de buscar posibles inversores que garantan a continuidade da produción en Chavín e o mantemento do emprego. Como ademais así o tiña recomendado a mesa industrial e como tamén lles viñan demandando as administracións para ter marxe co fin de consolidar un posible comprador. O que se manterá é a produción ata o 31 de

decembro.

O presidente do Comité de empresa, David Mariño (UGT), considera que a dirección da factoría danesa actuou en todo momento con “mala fe” e que agora as expectativas están postas en que farán as administracións ó respecto, tanto a central como a Xunta.

Esta semana as mobilizacións continuaron, cun corte de tráfico e concentración na estrada de acceso á fábrica



de Chavín o xoves e hoxe está convocada unha mobilización no concello lucense de Foz.

UGT CHAMA Á PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN DESTE DOMINGO EN SANTIAGO NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E A RECUPERACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA

Redacción.- UGT chama á participación na manifestación na defensa da sanidade pública e a recuperación da atención primaria que SOS Sanidade Pública convoca para este domingo, día 14, ás 12.00 horas con saída da Alameda compostelana.

Nesta manifestación vaise denunciar que o que está a suceder na atención primaria, e as súas consecuencias para a cidadanía e os seus traballadores, ten un claro responsable: a política sanitaria exercida durante os últimos 10 anos polo PP e a Consellaría de Sanidade.

Unha política baseada nos recortes e no desmantelamento da sanidade pública:

- * 12 anos continuados de xubilacións das/os profesionais e de contratación en precario, que fomentaban a marcha de profesionais a outros servizos de saúde. Sen que a Consellaría de Sanidade tomase medidas.

- * 12 anos de recortes nos orzamentos destinados á atención primaria.

- * 12 anos de desmantelamento das estruturas directivas de primaria, para que ninguén sexa responsable do que acontece.

- * 12 anos de soberbia sen escoitar as/os profesionais que denunciaban esta situación, e que esixían poder traballar en condicións dignas.

- * 12 anos negándose a incorporar no-

vos profesionais á atención primaria para garantir unha atención sanitaria integral.

Agora é a poboación galega e os profesionais os que sofren as graves consecuencias desta situación, cun Goberno galego que segue sen escoitar, e sen tomar medidas efectivas para modificar esta situación.

Mais xa chegou o momento de parar isto e dicir que non a:

- * Ás colas na rúa para acceder aos centros de saúde.

- * A ter que realizar múltiples chamadas telefónicas para conectarse co centro de saúde.

- * Ás listas de espera de días ou semanas, incompatibles coa atención primaria, que colapsan os PACs e as urgencias hospitalarias e favorecen a privatización.

- * Ao peche dos centros de saúde periféricos que discrimina á poboación rural, dispersa e mais envellecida, afastándoa da asistencia.

- * Á consulta telefónica e telemática como eixo da asistencia, en detrimento da presencial, porque pon en risco a saúde e xera desigualdade para a xente maior.

- * Ao recorte de persoal e a situación de inestabilidade e precariedade laboral do persoal dos centros de saúde.



É inaceptable que moitos enfermos teñan que recorrer ao sistema privado para recibir atención sanitaria. É necesario recuperar a atención integral, a promoción, prevención, rehabilitación e traballo comunitario.

É imprescindible ter un orzamento finalista para a atención primaria, que supoña o 25% do orzamento sanitario.

É imprescindible ter máis persoal e un novo modelo de atención primaria digno, integral, accesible e de calidade.

UJAA ABRIU ESTE XOVES UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓN PARA DEMANDAR PREZOS XUSTOS PARA O LEITE GALEGO

Redacción.- Unións Agrarias iniciou estes xoves, día 11, un calendario de mobilizacións para denunciar a intolerable actitude das principais industrias lácteas que operan en Galicia e que, a pesar de levar meses vendo aumentar os seus ingresos, se resisten a cumprir coa lei e a trasladar aos produtores un incremento do prezo do leite que lles permita afrontar a forte suba dos custos de produción que leva meses afogando ás granxas.

Unións Agrarias fai un chamamento á participación do conxunto do sector lácteo nas mobilizacións convocadas. O xoves xa tivo lugar ás portas da planta de Lactalis en Vilalba; e o vindeiro martes 16 ante Larsa en Outeiro de Rei. A organización considera intolerable a actitude destas dúas industrias, e demanda cambios drásticos e inmediatos para cumprir coa Lei de Cadea e garantir a viabilidade das granxas.

Das 12.320 explotacións lácteas que había no conxunto do Estado español en 2020 hoxe só quedan activas 11.603. En Galicia, das 6.857 existentes hai un ano resisten 6.476. Só o aumento do prezo dos pensos para alimentación do gando está a supor neste momento 800 euros mensuais máis de gasto para unha explotación media de 350.000 quilos de cota, o equivalente a unha produción de 30.000 quilos/mes. Así as cousas, producir un litro de leite cústalle hoxe a un gandeiro galego 2,63 céntimos de euro máis que hai un ano só a causa do encarecemento dos cereais; sen ter en conta o aumento do prezo doutros consumos como a enerxía, os plásticos, os combustibles ou os fertilizantes.

UJAA denuncia que, mentres houbo industrias que nos últimos meses tiveron en conta a forte suba dos custos de produción das granxas e fixéronas partícipes da revalorización do leite impulsada pola distribución, non así Larsa e Lactalis, que suman entorno a 2.200 produtores en Galicia. Moi pola contra, a organización condena a "intolerable actitude" de Lactalis, que neste momento "tenta extorsionar aos produtores cos que traballa cunha proposta de actualización de contrato que contempla a suba dun mísero céntimo ata abril de 2023. Asinar isto é asinar a sentenza de morte das nosas explotacións, e pedímoslle a todos os gandeiros que non cedan ás presións. Non é asumible, non podemos permitilo e imos presionar para que estas dúas industrias suban de xeito inmediato e suficiente o prezo do leite que recollen".

UJAA denuncia que a modificación da Lei de Cadea non se está a cumprir en moitos casos, e condeá firmemente o pro-

ceder de Lactalis; así como o de Larsa, que recentemente tentou branquear a súa imaxe gabándose dun aumento do prezo do leite que nada ten que ver coa actualización do mesmo á forte suba dos custos de produción das granxas á que obriga a lexislación.

A alimentación do gando encareceuse un 26% no último ano, e todas as previsións apuntan a que nos vindeiros meses ese aumento podería chegar ata o 40%. A suba do prezo da enerxía supón un sobrecusto dun 34% para as explotacións, e agárdase que os plásticos e os fertilizantes sexan un 50% máis caros o ano que ven.

Mentre isto acontece, o prezo de leite segue estancado e en Galicia seguimos á cola do Estado e de Europa. "A situa-



ción require medidas drásticas e inmediatas". Pois mentres as granxas afogan, as industrias levan meses beneficiándose do aumento das cotizacións dos derivados lácteos, que lles supón 9 céntimos de ganancia a maiores por cada litro de leite. Así como da revalorización do leite impulsada pola distribución nos puntos de venda. Unha suba do PVP que está a quedar nos petos destas dúas industrias; que se negan a repercutir ese incremento dos seus ingresos no sector produtor.

Gandeiros e gandeiras de Ourense maniféstanse contra a grave crise do sector

Gandeiras e gandeiros da provincia de Ourense manifestáronse este mércores nesa cidade para denunciar a grave crise de rentabilidade que atravesan e demandar o cumprimento da Lei de Cadea no sector cárnico de vacún. Os produtores secundaron unha convocatoria que partiu das portas da Subdelegación do Goberno e concluíu fronte á Delegación da Xunta.

Dependencias nas que Unións Agrarias fixo entrega por escrito das súas reivindicacións para a mellora do sector tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central.

Unións Agrarias continuou este mércores co calendario de mobilizacións iniciado semanas atrás para denunciar a situación que atravesan as explotacións de carne de vacún galegas. Á caída dos prezos en orixe motivada pola covid, que segue sen recuperarse, as ganderías galegas suman agora a forte suba dos seus custos de produción. Un combo que supón que as gandeiras e gandeiros galegos ingresen hoxe 200 euros menos por



cada becerro que venden dos que percibían antes da pandemia.

Os produtores das explotacións de carne da provincia de Ourense levan perdidos no que vai de ano máis de 3,6 millóns de euros polos incrementos dos custos de produción; que unidos aos danos causados polo lobo teñen ás ganderías contra as cordas. Así as cousas, UJAA volveu demandar hoxe a implicación da Xunta de Galicia para poñer en marcha un observatorio público que elabore custos de produción adaptados á realidade das explotacións galegas, que sirvan de referencia á hora de facer cumprir a Lei de Cadea Alimentaria.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE CORREOS MOBILÍZANSE NO CTA DE SANTIAGO PARA DENUNCIAR O DESMANTELAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO

Alertan sobre a entrada de Correos Express neste centro a partir do 15 de novembro

Redacción.- Os traballadores e as traballadoras de Correos protagonizaron varias concentracións este xoves fronte ó Centro de Tratamento Automatizado (CTA) de Santiago-Lavacolla. Concretamente, foron tres as concentracións que se realizaron coincidindo coas tres quendas de traballo, ás 12, 18 e 22.30 horas.

Tras a ocorrencia derivada do nefasto Plan estratéxico que está aplicando a dirección de Correos, impondo de xeito unilateral sen negociación cos sindicatos, ceñgan as medidas reais, denominadas "Agrupación de actividades de manipulación do grupo Correos".

Dito doutro xeito, para proseguir coa cesión de espazo, actividade e emprego a Correos Express no CTA de Santiago a partir do día 15 de novembro, como parte do desguace de Correos en Galicia e en toda España. O que foi unha proba piloto e temporal o ano pasado, agora é xa definitivo..

Como é habitual nos comportamentos desleais e de mala fe da dirección de Correos, eludindo a negociación e cunha reunión de

información anunciando o que consideran vai ser unha boa xestión, realízase a cesión de Correos de parte do espazo do CTA de Santiago a Correos Express, filial de Correos no eido da paquetería, cunha transferencia inaceptable de actividade da matriz á filial, a substitución de emprego de aquela polo desta coa súa conseguinte devaluación e un aforro de costes para Correos Express, paga Correos, co obxectivo de beneficiar á filial.

A federación Servizos Públicos de UGT rexeita rotundamente esta mala cesión de espazo e actividade, que xa se aplicou o ano pasado durante os meses

de novembro, decembro e xaneiro, coa excusa de que a empresa filial puidera traballar de xeito satisfactorio as campañas do Black Friday e



Nadal. Así, Correos pretende darlle continuidade no tempo deixando asentado a Correos Express no CTA de Santiago de xeito permanente.

UGT-FICA ENTREGA ESTE LUNS O II PREMIO ROGELIA MARIÑA EN SANTIAGO

A activista social Teresa Valcarce será a homenaxeada nesta edición

Redacción.- A sede da Fundación Laboral da Construción de Santiago acollerá este luns o acto de entrega do II Premio Rogelia Mariña que nesta segunda edición recaerá na activista social Teresa Valcarce.

Teresa, nacida en Ferrol, é unha líder e activista social que actúa como ponte entre as comunidades española e estadounidense, como unha 'networker' activa que sempre se apaixona por axudar ás persoas. Apoiou a individuos, organizacións sen ánimo de lucro e grandes corporacións.

Entre marzo de 2013 e decembro de 2014 liderou a aventura de lograr o cumprimento dunha Resolución do Congreso Continental de EEUU de 1783 que acordou honrar a un heroe español da Guerra da Independencia estadounidense, Bernardo de Gálvez, colgando o seu retrato nas paredes

do Senado.

Lembrar que o Premio Rogelia Mariña, instituído por UGT-FICA Galicia no ano 2019, está dirixido ao recoñecemento do labor de persoas individuais ou organizacións que destaquen, dentro do seu ámbito de actuación, na defensa dos dereitos, tanto de persoas como de colectivos, no mundo sindical, ecoloxía, lingua, cultura, patrimonio ou calquera outro tipo de actuación inspirada no pensamento crítico e libre, que ao entender do xurado se axuste ao que se pretende con este premio, que non ten outra pretensión máis aló de recoñecer esforzos individuais ou colectivos por facer desta sociedade unha sociedade máis xusta e solidaria en todos os seus ámbitos.

No acto, que terá lugar o luns, intervirán, ademais da homenaxeada, o

presidente de honra destes premios, Manuel García Salgado; o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, que o fará telematicamente; o vicesecretario xeral de Política sindical de UGT, Mariano Hoya; o secretario xeral de UGT-FICA, Pedro Hojas; e o secretario xeral de UGT-FICA Galicia, Javier Carreiro.



UGT NON APOIARÁ NINGÚN AUMENTO NO PERÍODO DE CÁLCULO DAS PENSÍONS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou en varias entrevistas que os sindicatos descoñecían o acordo do Goberno español con Bruxelas para ampliar o período de cálculo das pensións pero que, “en calquera caso”, considera que “isto non ten moitas posibilidades de prosperar e que, desde logo, connosco non o pactarán”.

Pepe Álvarez explicou que, co que hai agora xa se cumpriría con Europa e que o que neste momento hai encima da mesa, é un acordo para liquidar o problema de ingresos da Seguridade Social que obedece a unha recomendación do Pacto de Toledo para que o sistema sexa máis equitativo, e para non ter que recortar as pensións e non ter que aumentar a idade de xubilación, e que isto supoñería a subida de cotización de empresarios e traballadores. “É neste campo onde estamos”.

Neste sentido, Álvarez subliñou que lle

gustaría escoitar ao ministro explicar porque non coñeciamos este punto do memorándum que se mandou á UE e tamén quixo tranquilizar á cidadanía e subliñar que “non hai maioría no Congreso para apoiar este punto” e que as organizacións sindicais non o van a respaldar.

“Levamos ano e medio de negociación para poder derrogar a reforma do Partido Popular e non foi fácil alcanzar un acordo para eliminar o factor de sustentabilidade por un de solidariedade interxeracional. Ademais, o noso acordo prevé aumentar os ingresos á Seguridade Social, evitar os gastos impropios e aumentar a cotización, cuestións que son suficientes para atallar a xubilación da denominada xeración do “Baby Boom”. En ningún caso entraremos en novos recortes da pensión”, engadiu.

A negociación da Reforma Laboral

non pode verse afectada

O secretario xeral de UGT sinalou que espera que isto non afecte a outras negociacións en marcha, como a da reforma laboral, e destacou que na mesa de modernización do mercado de traballo “hai cuestións moi avanzadas”, como as relativas á derogación da reforma que se fixo sobre a negociación colectiva -restaurando a ultraactividade e a prevalencia do convenio do sector sobre o de empresa- e tamén o que ten que ver coa contratación.

Pepe Álvarez engadiu que o documento de 27 páxinas que o Goberno lles presentou esta semana, “é un refrito que carece de rigor e que non se pode aprobar así, nin se podería debater de aquí a final de ano”. De feito, unha das cousas máis importantes que se podería entrar a negociar, que é a proposta dos novos ertes e o seu funcionamento, é “pouco flexible e intervencionista”.

A NEGOCIACIÓN COLECTIVA É O ELEMENTO FUNDAMENTAL PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, puxo en valor a necesidade de que a negociación colectiva “recupere a relevancia que hai anos que non se lle dá, e estamos convencidos que é un elemento fundamental para mellorar aspectos como as condicións de traballo, ou os salarios, así como para unha redistribución da riqueza”.

Álvarez asegurou que “desde o sindicato queremos dotala de novos instrumentos que nos acheguen aos procesos de negociación. Somos conscientes que, mais alá do que nos queda por avanzar en temas como SMI, agora a esperanza hai que situala na contorna da negociación colectiva, e desde este punto de vista o acordo de derogación da reforma laboral, é clave e básico.”

É necesario chegar a acordos

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, reclamou a necesidade de “reactivar a negociación colectiva e chegar a un acordo tripartito cos empresarios e o Goberno para impulsala. O papel da negociación colectiva é fundamental para saír da crise e que a recuperación económica chegue a todo o mundo, axudando e empuxando os salarios e a demanda interna”.

Neste sentido, lembrou, durante a inauguración das Xornadas Confederais de

Acción Sindical e Negociación Colectiva 2022, que “a negociación se atopa estancada. Nos 9 primeiros meses de 2021 o número de convenios pechados é inferior ao do mesmo período de 2020 (en máis dun 10%) e moi inferior ao de 2019. Pero aínda é maior a diferenza no número de persoas traballadoras afectadas pola negociación en leste mesmo período, de 8,6 millóns en 2019 a 7 millóns en 2020 e 6,1 millóns en 2021. É dicir, 2,5 millóns de traballadores e traballadoras menos afectadas pola negociación colectiva en dous anos”.

Para Pepe Álvarez, “a estratexia da patronal é a conxelación da negociación colectiva, co fin de que as condicións das persoas empregadas estean sometidas á inflación e a unha regulación perniciosa para elas. Queren unha saída da crise nos mesmos termos que a crise anterior, sobre as costas das persoas traballadoras”.

E as consecuencias, claras tamén: o aumento da figura do traballador e traballadora pobre. “A porcentaxe de persoas traballadoras pobres en España en 2019 foi do 12,7%, 3,7 puntos máis que a media europea, e o segundo posto pola cola tras Romanía (15,3%). A inflación está desbocada, e as últimas reformas laborais só serviron para empobrecer ás persoas deste país”.

Derrogar as reformas laborais e

impulsar a negociación

Neste sentido, sinalou que estas reformas “foron un instrumento claro da patronal para ir contra os empregados e empregadas, establecendo a prevalencia do convenio de empresa fronte ao convenio sectorial, limitando a ultraactividade e facilitando ata o indecible o descolgue, entre outras cuestións”.

Por iso, reclamou a necesidade de “presionar para derrogar as reformas laborais, sen máis pretextos. O Goberno debe cumprir co seu compromiso electoral. Ademais, non imos quedarnos quietos ante esta postura inxustificada da patronal”. O secretario xeral de UGT explicou que “por derogación, entendemos que deben decaer os cambios introducidos nas reformas laborais da anterior crise. Nalgúns casos, como a negociación colectiva, volver á normativa anterior, e noutros aspectos, substituílos por unha lexislación nova, por exemplo é o caso dos contratos temporais”. “Non imos permitir que continúe a deterioración das condicións salariais das persoas traballadoras”, anunciou. “Imos introducir nos convenios ás persoas máis desfavorecidas ou máis prexudicadas por algúns sectores, como o das plataformas; e impulsaremos máis horas para a actividade sindical e de vixilancia de prevención de riscos laborais, e contra a brecha de xénero e a desigualdade galopante nas empresas”.

UNHA LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS MÁIS COMPLETA ANTE A NOVA REALIDADE LABORAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama, con motivo do 26 aniversario da entrada en vigor da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que se celebrou este luns, unha actualización e revisión da mesma para adaptala á realidade do mundo do traballo e acabar así coa secuela da sinistralidade laboral que arrasa o noso país.

Para o sindicato, a lei demostrouse como un instrumento útil para frear a sangría de accidentes de traballo e enfermidades profesionais no noso país, pero resultou claramente insuficiente á hora de acabar con esta secuela social. Neste sentido, UGT considera necesario, por exemplo, aumentar os colectivos de traballadores ós que lles é de aplicación, para ampliar a protección a un maior número de persoas traballadoras; abarcar os riscos laborais asociados á economía das plataformas dixitais, onde destaca a precariedade nas condicións de traballo; ou os novos riscos derivados da robotización e automatización.

Ademais, o sindicato esixe a creación da figura do delegado territorial e/ou sectorial de prevención, dotándoa de competencias, funcións e crédito horario suficiente para poder desempeñar as súas funcións, tendo en conta ademais o número de centros de traballo e persoas empregadas ás que atender.

Outros elementos para completar da lei

Para UGT, é importante igualmente abordar a externalización xeneralizada da xestión da prevención nas empresas, xa que moitas empresas recorren aos servizos de prevención alleos, polo que se deberían emprender accións para mellorar a calidade da xestión preventiva por parte destes servizos de prevención; a obrigación empresarial de formar ás persoas traballadoras en materia preventiva, xa que actualmente esta formación é un trámite formal ou documental que non cumpre co obxectivo de que os traballadores e traballadoras coñezan os riscos laborais e as formas seguras de traballo; e a vixilancia da saúde para garantir a especificidade e voluntariedade, evitando que se converta nun instrumento de selección de persoal.

Ademais, UGT considera que non pode demorarse máis o dotar de perspectiva de xénero á normativa en materia de prevención de riscos laborais, desde a realización das avaliacións de risco e a adopción de medidas preventivas, ao resto de xestións a nivel empresarial neste ámbito; e debe potenciarse a prevención dos riscos asociados á utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación na contorna laboral. Neste sentido, é imprescindible desterrar a idea de que o teletraballo é inocuo para a seguridade e saúde dos traba-



lladores, sendo obrigatorio realizar unha avaliación de riscos laborais, segundo o recollido na Lei de traballo a distancia. Como complemento, deberíase avanzar na regulación convencional do dereito á desconexión como medida preventiva.

Para UGT, é importante tamén unha maior regulación dos riscos psicosociais de orixe laboral, xa que son os grandes esquecidos da xestión preventiva. A protección da saúde mental debe ocupar a posición que merece. É importante potenciar a realización de avaliacións de tipo psicosocial nos centros de traballo, así como a adopción de medidas preventivas; e a prevención das adicións desde o ámbito laboral, xa sexan con ou sen substancias. Cada vez son máis comúns as adicións ao uso dos smartphones e tablets debido ao uso intensivo que se lle dan no ámbito laboral, feito que debería terse en consideración á hora de xestionar os riscos laborais nas empresas.

É NECESARIO IMPLEMENTAR XA O PIAR EUROPEO DE DEREITOS SOCIAIS

Redacción.- A secretaria de Políticas europeas de UGT, M^a Carmen Barrera, manifestou que “aínda que a crise da Covid 19 non dixo a súa última palabra, aprendemos algunhas leccións, como a necesidade de ter máis protección social” e a necesidade de “seguir traballando por unha Europa máis social, o que require a implementación inmediata do Piar de dereitos sociais”.

Durante a súa intervención na Conferencia sobre o Futuro de Europa, organizada polo Comité Económico e Social Europeo (CES), instou a facer fronte aos novos retos e crises que se produzan e corrixir todos aqueles aspectos que fomentan a desigualdade e a discriminación na contorna laboral e social, que afectan sobre todo a mulleres e mozas.

Conectar mellor as políticas ambientais e as de emprego

Barrera, en liña co CES, instou á Comisión Europea e aos Estados membros a que conecten mellor as políticas ambientais coas políticas de emprego e a establecer unha Estratexia de Transición Xusta, que sirva como guía de acción para optimizar os beneficios e minimizar os riscos sobre o emprego, as condicións de traballo e a protección social.

Destacou que o prezo do mercado da enerxía xa está a repercutir na regulación do emprego e moitas empresas paralizan os seus procesos produtivos e que os instrumentos de regulación temporal de emprego, que están en vías de reforma en todos os países da UE, non contemplan medidas de adaptación ás crises ambientais.

Defendeu o diálogo social e a negociación colectiva como vías para establecer unha transición ecolóxica xusta laboral e socialmente. “Trátase de converter en oportunidades de benestar e desenvolvemento as crises ambientais, que cada vez son máis fre-

cuentes”.

Respecto á protección social, a secretaria de Políticas Europeas denunciou que diversos países da UE seguen presentando déficits, de carácter endémico, para corrixir as brechas de xénero e pediu políticas específicas a todos os niveis.

Manifestou que “o mundo sumaría máis de 23 billóns de euros se se suprimisen as brechas de xénero” e que erradicar a brecha de xénero nalgúns países europeos, como España, Italia ou Grecia, supoñería un aumento do PIB entre un 15 e 20%.

Ademais, demandou á Comisión, ao Parlamento e ao Consello de Europa que introduzan indicadores novos e adecuados nos Fondos Estruturais europeos, para promover a igualdade de xénero en protección social. E esixiu políticas orientadas a promover o emprego dos mozos, un emprego estable e con dereitos.